
Primeiro Curso de Xestión de Proxectos Europeos de I+D+I en Galicia

- Actualizado (24.02.2006)

Versando sobre o VI Programa Marco, o primeiro Curso de Xestión de Proxectos Europeos de I+D+I en Galicia, organizado pola Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia, reuniu a case unha trintena de técnicos e xestores procedentes de diversos centros tecnolóxicos adscritos á Rede, así como dalgunhas empresas relacionadas coa mesma. Todos, co obxectivo de incrementar a súa presenza nas propostas de proxectos europeos, aumentando ao mesmo tempo a súa calidade e asegurando a mellor capacitación dos participantes.

O curso abordou, dende unha perspectiva eminentemente práctica, todos os pasos necesarios para levar a cabo con éxito a xestión dun proxecto completo, facendo especial énfase no referente á protección de datos e ao proceso contractual coas entidades comunitarias.

Para tal fin, as xornadas contaron coa presenza de relatores, expertos na materia, de entidades como CDTI (Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial), IPR Helpdesk, ATOS Origin, EOSA Consultores e membros de RETGALIA. O seminario pretende ser unha axuda, para todas as organizacións, públicas e privadas con intención de introducirse por primeira vez no mundo dos programas europeos e para aquelas que xa tendo participado, desexen mellorar os resultados obtidos, incrementar a súa presenza ou adquirir máis responsabilidades.

Á vista destes obxectivos e analizadas as conclusións, organizadores e participantes fixeron unha valoración moi positiva dos resultados obtidos e esperan que esta iniciativa contribúa a unha maior presenza dos investigadores galegos no ámbito europeo.

Na mesma liña, a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia ofrecerá nos vindeiros meses unha actualización do curso coa análise dos cambios que introduza o sétimo Programa Marco, previsto para o ano 2007.